

VIAGEM AO SOL

Susana de Sousa Dias e Ansgar Schaefer, 2021

1117

ESTREA EN NUMAX: 02.06.2023 | V.O.S.E. | 109 min

Viagem ao Sol parte de testemuños de nenos e nenas austríacas enviadas logo da Segunda Guerra Mundial a Portugal. Usando só imaxes de arquivo, o filme establece múltiples resonancias coa Europa actual, onde o espazo para o Outro estase a ver drasticamente reducido. Ábrese así unha reflexión sobre as crianzas en situación de conflito e a potencia da súa mirada ao revelar realidades ocultas polas narrativas oficiais.

«Os sons e a música acadan unha grande inmersión nesta aterradora viaxe»

Fionnuala Halligan, SCREENDAILY



Algúns comentarios sobre o filme

Interludio luminoso

Por Santiago Gallego

Hai tantas cousas memorables e conmovedoras en *Viagem ao sol* que se fai difícil non só saber por onde comezar, senón tamén sintetizalas no espazo reducido desta crítica. O primeiro que chama a atención ao achegarse ao traballo de Susana de Sousa Dias (que aquí comparte o crédito da dirección con Ansgar Schaefer, produtor dalgúns dos seus anteriores títulos) é o seu absoluto respecto polo tratamento do arquivo como material fráxil que testemuña precisamente sobre o propio soporte físico as feridas do tempo, tanto na súa degradación química como na agresión da natureza. O segundo no que o espectador atento repara é na delicada actuación (encadramentos, escurecemento de partes da imaxe, etc.) sobre ese material orixinal, intervención sempre creativa, sutilmente poética, que dialoga coa memoria e é aberta a algunha mínima experimentación pero sen converter xamais esas imaxes en algo que traizoe a súa primitiva natureza ou o seu estado actual.

Viagem ao sol toma documentos cinematográficos (mudos) e fotográficos da época aos que incorpora a narración en *off* das lembranzas daquelas crianzas, hoxe xa anciáns, que xusto despois da Segunda Guerra Mundial foron enviados desde Austria a vivir con familias de acollida en Portugal, onde poderían recuperarse das feridas psicolóxicas e a privación física da guerra.

Sabendo que Sousa sempre fai cinema politicamente, polos fotogramas e voces desfilarán o Portugal salazarista, as pegadas da herdanza colonial, a relixión e incluso as duras condicións de vida da servidume desas adiñeiradas familias de acollida para rematar coa ferida da arrepianse separación, que acabou en non poucos casos co suicidio ou a morte prematura dos pais temporais. Cun traballo prodixioso sobre a banda sonora que crea literalmente un segundo filme (por exemplo, a montaxe de son entre o ferreiro e os casos do cabalo), Dias e Schaefer arrástrannos emocionalmente ao mesmo tempo que iluminan a nosa intelixencia de espectadores.

Publicado en diariodesevilla.es
Tradución do español.

Unha crítica de *Viagem ao sol*

Por Fionnuala Halligan

Noutras mans, isto puidera ser un documental televisivo dunha hora para unha canle de historia - unha fascinante nota a pé de páxina dun conflito máis amplo. Pero Schaefer e Sousa Dias convérteno nunha experiencia de gran actualidade. Fálase moito da realidade virtual, pero este cineastas conseguen unha inmersión audiovisual, movéndose entre as imaxes estéticas e as imaxes de arquivo minoradas, ampliando as fotografías e centrándose en detalles do tamaño dunha postal. Os sons e a música, de Didio Pestano, transportan o espectador dentro desta viaxe aterradora, para que perciba o perigo e sinta o desprazamento das crianzas pola guerra e o exilio que non chegan a entender... O seu traballo, en particular, é sobresaliente e deixa tras de si lembranzas que son chave para entender os nenos que se atopan en circunstancias sorprendentemente similares hoxe en día.

Publicado en screendaily.com
Tradución do inglés.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Akim corre,
Claude K. Dubois.
Lóquez, 2015

Últimos testigos,
Svetlana Aleksievich.
Debate, 2016

La audiovision,
Michel Chion.
La marca, 2019